

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACION E PROMOCIÓN

A nota de cada avaliación será o resultado das probas escritas, caderno coas actividades e a actitude do alumno, cuantificadas da seguinte maneira:

- 80 % coñecementos.
- 10% libreta
- 10% comportamento

Para obter a unha cualificación positiva en cada avaliación , será necesario :

- Superar os **exames** correspondentes..O alumnado será informado en cada examen da puntuación de cada unha das preguntas da proba escrita.

En cada avaliación realizaranse dous exames, cuxa media servirá para obter a parte da nota correspondente ao porcentaxe dos exames, sempre e cando en cada un deles se **obteña como mínimo un catro**. De non obtelo, poderá facer unha recuperación para ter posibilidade de aprobar a avaliación correspondente.

- Obter valoración positiva na libreta, o que significa que nela deberán estar tódolos exercicios realizados e corrixidos, tódolos apuntes aportados o longo do curso, unha boa presentación da mesma e entregada na data demandada.
- Presentar actitude positiva con respecto á asignatura.

A porcentaxe correspondente á **libreta (10%)** , será valorado con **1 punto** si nesta figuran os seguintes apartados:

- Actividades realizadas e corrixidas.
- Apuntes que se puideran dar en cada avaliación

- É entregada no prazo previsto
- Bóa presentación

A esta nota, restaráselle **0.25 puntos** por cada apartado non realizado.

Por cada día adicado ao desenvolvemento de tarefas e no realizadas, se restará á nota da libreta **0.1 punto**.

Os cadernos serán revisados a lo menos unha vez por avaliación.

Para a porcentaxe correspondente o **comportamento (10%)**, terase en conta o esforzo no traballo de clase, atención e interese pola asignatura e comportamento individual e cos compañeiros.

Tódolos alumnos partirán de **1 punto**. A éste restaráselle **0.1 punto** cada vez que o alumno moleste, non traballe ou distraiga aos compañeiros.

Para o alumnado de 1º ESO que realizan **prácticas de laboratorio**, a porcentaxe quedará da seguinte maneira:

- 70% coñecementos
- 10% laboratorio
- 10% libreta
- 10% comportamento

É importante que o alumnado coñeza a organización dun laboratorio, os materiais e sustancias que va a utilizar durante as prácticas, facendo fincapé no coñecemento e cumprimento das normas de seguridade e hixiene, así como a correcta utilización dos mesmos.

Para acadar a porcentaxe correspondente o **laboratorio**, tódolos alumnos partirán de **1 punto**, que obterán si:

1. Utilizan correctamente os materiais e produtos do laboratorio.
2. Cumplen e respectan as normas de seguridade.
3. Figuran reflectidas no caderno tódalas prácticas propostas para cada avaliación e atendendo as seguintes especificacións :

3.1 Deben estar presentes todas e cada unha das follas entregadas nas que figuran o procedemento a seguir en cada práctica.

3.2 Débese utilizar lápiz para realizar o esquema do visualizado no microscopio ou lupa.

3.3 A coloración do visualizado debe ser a mesma que presenta a preparación.

4. Boa presentación.

Da nota do laboratorio (1 punto) , restarase :

- **0.25 puntos** por cada práctica que non realiza ou non figura correctamente representada na libreta.

-**0.1 punto** por cada chamada de atención por molestar ou distraer aos compañeiros.

Para aqueles alumnos que en xuño teñan **pendente una sóa avaliación**, estableceranse exames co fin de acadar os obxectivos mínimos e superar a materia.

Para obter avaliación positiva na **Convocatoria Ordinaria**,os alumnos deberán Superar tódalas avaliacións .

A cualificación final será a media das tres avaliacións.

Os alumnos que non superaran unha avaliación, suspenderan o curso independentemente da nota media das avaliacións.

Para obter avaliación positiva na **Convocatoria Extraordinaria**, será necesario :

- Superar a proba escrita correspondente.
- Entregar debidamente cumprimentado o cuaderniño que será posto a disposición dos alumnos que non superen a asignatura en xuño.